

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN INTEGRAL DAS ÁREAS DE XOGOS INFANTÍS EXISTENTES NOS PARQUES, XARDÍNS E ZONAS VERDES PÚBLICAS MUNICIPAIS DA CIDADE DE LUGO. (EXPTTE REF. 2-2016). LECTURA DE INFORME TECNICO E SELECCIÓN OFERTA MAIS VENTAXOSA.

Sendo as 13:30 horas do día 04 de novembro de 2016, no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por dona Ana Tabarés Martínez, Técnico do Servizo de Contratación, Fomento e Patrimonio e actuando como vocais:

- dona María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo.
- don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor do Concello.
- don Manuel Louzao Aldariz, Titular da Asesoría Xurídica do Concello
- don Xosé Manuel Cao Rei, Xefe do servizo de Contratación, actuando como Secretaria.

Abre a sesión a Sra. Presidente e procédese por parte do Secretario a informar que a mercantil FERROVIAL SERVICIOS S.A. xustificou en tempo e forma a súa oferta ao ser considerada anormal ou desproporcionadas segundo o prego de cláusulas administrativas particulares, procedéndose a continuación a dar lectura do informe técnico emitido polo xefe dos servizos técnicos de parques e xardíns do Concello sobre a referida xustificación no que fai constar que non entende que se poida considerar xustificada a oferta económica presentada.

A vista do cal os membros da mesa acordan propoñer:

PRIMEIRO .- Excluir do procedemento á mercantil FERROVIAL SERVICIOS S.A. **por non considerarse xustificada a oferta económica presentada segundo informe técnico.**

SEGUNDO.- Seleccionar á a oferta presentada pola mercantil LAPPSETT ESPAÑA VR S.L, por se a oferta máis vantaxosas para o Concello, ó alcanzar a maior puntuación segundo o cadro de puntuacións finais recollidos na acta da mesa de contratación celebrado o día 06/10/2016, por un importe para a primeira anualidade para os traballos de mantemento e conservación integral de 55.599,17 € polo que sumado o IVE (21%) de 11.675,83 euros resulta un total de 67.274,00 euros IVE incluído, **así como unha baixa do 25% respecto ós prezos unitarios indicados no apartado 4 do prego de prescricións técnicas.**

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: MANTEMENTO ÁREAS XOGOS

Asunto: Acta lectura informe técnico baixa temeraría e selección oferta mais ventaxosa

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13,45 horas do día sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTE



Asdo.: Ana Tabares Martinez

O SECRETARIO



Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei